



Anotada en el Libro de Resoluciones de la Junta de Gobierno Local, con el núm: RES/AYT/8302/2025 08/05/2025

Área / Unidad EDUCACION ED0000 AQR	Documento 23619I00U3	
Código de verificación  6Q01 5A5A 6E50 485Y 1D6O	Expediente 236/2024/186	
	Fecha 07-05-2025	

ASUNTO: APROBACIÓN DAS LISTAXES DEFINITIVAS DE SOLICITUDES SELECCIONADAS PARA O PROGRAMA BOLSAS NORTEAMÉRICA 2025-2026

Logo de ver o informe-proposta elaborado polo Servizo Municipal de Educación, cuxo contido literal é o seguinte:

Primeiro. - O Concello da Coruña, por medio da Concellaría de Educación, Formación e Innovación Tecnolóxica, da que depende o Servizo de Educación, convocou o programa "A Coruña no Mundo: Bolsas Norteamérica 2025-2026", no que se lle ofrece a oportunidade ao alumnado de 4º ESO, residente na cidade da Coruña, de cursar o grao 11 en Canadá -equivalente a 1º Bacharelato-, así como de adquirir un dominio avanzado da lingua inglesa e un coñecemento real doutra cultura.

Segundo. - As bases do programa foron aprobadas por un acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 13/11/2024, do que se publicou un extracto no Boletín Oficial da Provincia do 20/11/2024 (BOP n.º 224), abríndose o prazo de presentación de solicitudes dende o 21 de novembro ao 4 de decembro de 2024.

Terceiro. - O Servizo Municipal de Educación publicou as listaxes das solicitudes admitidas, das que necesitaban emendas e das excluídas o día 10/01/2024, no portal web de educación do Concello da Coruña. A continuación abriuse un prazo de 10 días hábiles a partir do día seguinte á súa publicación, para que se emendasen as faltas ou se achegasen os documentos requiridos.

Cuarto. - O 18/02/2025 publicouse a listaxe provisional coa baremación e as persoas solicitantes propostas para a concesión das Bolsas Norteamérica 2025-2026. O prazo de presentación de alegacións foi do 19/02/2025 ao 05/03/2025.

Quinto. - Logo de resolver as alegacións presentadas, de conformidade cos acordos que constan na acta aprobada pola Comisión de Valoración que dá conta da reunión realizada o día 12/03/2025 e que forma parte deste expediente para todos os efectos (documento con código seguro de verificación 3P3C 5R2W 2E64 4Z0V 03A2), recollendo as deliberacións e acordos fundamentados acadados na dita reunión da Comisión de Valoración, emitíuse un informe-proposta coas listaxes definitivas das persoas beneficiarias, de agarda e das persoas excluídas, con código de verificación 2S5A 710H 5L1K 673M 1BUZ. O 16/04/2025 publicouse o anuncio do dito informe nos medios indicados no punto 3 das bases: a través do portal de Educación da páxina web municipal (www.coruna.gal/educacion).



De conformidade co previsto na base 13, as persoas seleccionadas dispuxeron dun prazo de 10 días hábiles para a aceptación expresa das bolsas. Logo de transcorrer o dito prazo sen que se producise a dita aceptación, entendíase como unha renuncia a súa participación no programa por parte das persoas inicialmente propostas como beneficiarias, tal como prevé o apartado segundo da base 13 antedita.

Logo de finalizar o prazo anterior, comunicáronlle ao Servizo Municipal de Educación a súa renuncia (e, polo tanto, non consta presentada no rexistro a súa aceptación) as solicitudes con ID 109,19, 63, 84, 107 e 82, polo que se entende, en aplicación da devandita base 13, que renuncian á bolsa e, para a súa substitución como persoas beneficiarias ou adxudicatarias da praza/bolsa do programa, procedeuse, acto seguido, ao chamamento ás persoas incluídas na listaxe de agarda.

O servizo municipal de Educación contactou coas familias solicitantes incluídas na listaxe de agarda, seguindo a orde da dita listaxe, e realizou o chamamento ás persoas situadas nos postos 31 a 36, cos ID 53, 26, 15, 110, 101 e 71. Estas persoas procedentes da listaxe de agarda aceptaron en todos os casos participar no programa.

De acordo co anterior, modifícase a listaxe definitiva das persoas beneficiarias e pasan a formar parte dela as persoas solicitantes cos ID 53, 26, 15, 110, 101 e 71 e elabóranse as relacións definitivas de alumnado seleccionado (Anexo I) para elevalas á resolución do Concelleiro de Educación, Formación e Innovación Tecnolóxica, de conformidade coas competencias delegadas pola Xunta de Goberno Local no seu acordo do día 04.07.2024 (BOP nº 129 do 05.07.2024).

A dita resolución definitiva ponlle fin á vía administrativa e, contra ela, cabe interpoñer, de maneira potestativa, un recurso de reposición, no prazo dun mes, ou poderá interpoñerse directamente un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante o xulgado da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Nos dous casos, computarase o prazo a partir do día seguinte ao da publicación oficial da resolución da concesión definitiva.

En todo caso, cómpre advertir de que, consonte o previsto no punto 12.3, a firmeza da adxudicación das Bolsas Norteamérica 2025-2026 quedará condicionada á aceptación do alumnado por parte do país en función das súas esixencias.

Por outra parte, a resolución definitiva da convocatoria xa permite darlle cumprimento ao establecido nos apartados 2.j) e 5.5 das bases, relativas á concesión dunha axuda económica complementaria, en concepto de "cartos de preparación da viaxe", por un importe de 400€, para o alumnado valorado con 10 ou 9 puntos no criterio de baremación "Situación económica da unidade familiar nuclear" do apartado 6.5 das bases da convocatoria, condicionados ao previo informe de vulnerabilidade social emitido polos servizos sociais municipais.

Por todo o exposto, realízanse as seguintes:

PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN:

PRIMEIRO: *Tomar coñecemento das aceptacións e renuncias presentadas durante o prazo previsto no apartado 13 das bases específicas aprobadas para a adxudicación das prazas do programa municipal de Bolsas Norteamérica no curso escolar 2025-2026 e substituír ás persoas adxudicatarias das prazas afectadas polas renuncias polas persoas*

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por Concelleiro responsable de Educación. Formación e Innovación Tecnolóxica, D. Juan Ignacio Borrego Vázquez. (JUAN IGNACIO BORREGO VAZQUEZ) a las 10:21 del día 08/05/2025 y por ACTIVIDAD CORPORATIVA. AYTO A CORUÑA a las 10:21 del día 08/05/2025. Mediante el código de verificación: 6Q015A5A6E50485Y1D6O puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/Anotada en el Libro de Resoluciones por delegación de la JGL con el núm. COR/RES/8302/2025 el 08/05/2025



Concello da Coruña

incluídas na listaxe de espera publicada o 16/04/2025, logo de confirmar a súa aceptación expresa.

SEGUNDO: Aprobar a listaxe definitiva das persoas adxudicatarias das prazas do programa municipal de Bolsas Norteamérica no curso escolar 2025-2026, que se inclúe como ANEXO I neste documento.

TERCEIRO: Advertirlles ás persoas adxudicatarias de que, consonte o previsto no punto 12.3 das bases específicas, a firmeza da adxudicación das Bolsas Norteamérica 2025-2026 quedará en todo caso condicionada á aceptación do alumnado por parte do país de destino, en función das súas esixencias.

CUARTO: Comunicarlles aos servizos sociais municipais a listaxe definitiva de persoas seleccionadas que acadaron as puntuacións de 9 ou 10 puntos na "Situación económica da unidade familiar nuclear", para un posible estudo informativo das circunstancias de vulnerabilidade socioeconómica nas que poida atoparse o/a menor solicitante e poder optar aos 400 € de cartos de preparación da viaxe, segundo o disposto nos apartados 2.j) e 5.5 das bases da convocatoria.

A Coruña, na data da sinatura electrónica

O técnico responsable

A Xefa de Servizo de Educación

Conforme,
O Director de Educación

ANEXO I

BOLSAS NORTEAMÉRICA 2025-2026. LISTAXE DEFINITIVA DAS SOLICITUDES SELECCIONADAS

Orde	Estado	ID	Total puntos	Puntos Inglés	Puntos ESO	Puntos renda	Puntos discapacidade	Puntos violencia xénero	Acollemento familiar	Puntos familia monoparental	Puntos familia numerosa	Unidade familiar	% Achega familia	Importe achega
1	Seleccionada	125	18.52	5	3,2	10	0	0	0	0	0	3	0%	0,00 €
2	Seleccionada	12	18	5	5	8	0	0	0	0	0	4	0%	0,00 €
3	Seleccionada	13	17.6	3.4	4.2	10	0	0	0	0	0	4	0%	0,00 €



Concello da Coruña

Orde	Estado	ID	Total puntos	Puntos Inglés	Puntos ESO	Puntos renda	Puntos discapacidade	Puntos violencia xénero	Acollemento familiar	Puntos familia monoparental	Puntos familia numerosa	Unidade familiar	% Achega familia	Importe achega
4	Seleccionada	81	17	3,4	3,6	9	0	0	0	0	1	5	0%	0,00 €
5	Seleccionada	69	16.8	3.4	3.4	10	0	0	0	0	0	3	0%	0,00 €
6	Seleccionada	44	16.6	5	1.6	10	0	0	0	0	0	4	0%	0,00 €
7	Seleccionada	111	16.2	5	4.2	6	0	0	0	1	0	3	5%	1.081,21 €
8	Seleccionada	122	16.1	3.4	2.7	10	0	0	0	0	0	4	0%	0,00 €
9	Seleccionada	129	15	3.4	0.6	10	1	0	0	0	0	2	0%	0,00 €
10	Seleccionada	60	14.8	5	2.8	6	1	0	0	0	0	3	5%	1.081,21 €
11	Seleccionada	68	14.8	5	1.8	6	0	0	0	1	1	4	5%	1.081,21 €
12	Seleccionada	59	14.4	1.7	2.7	10	0	0	0	0	0	3	0%	0,00 €
13	Seleccionada	73	14.2	3.4	2.8	8	0	0	0	0	0	4	0%	0,00 €
14	Seleccionada	37	14.2	5	3.2	6	0	0	0	0	0	3	5%	1.081,21 €
15	Seleccionada	74	14.1	3.4	1.7	9	0	0	0	0	0	2	0%	0,00 €
16	Seleccionada	41	13.9	1.7	3.2	8	0	0	0	0	1	5	0%	0,00 €
17	Seleccionada	16	13.8	1.7	2.1	10	0	0	0	0	0	3	0%	0,00 €
18	Seleccionada	77	13.6	3.4	1.2	9	0	0	0	0	0	4	0%	0,00 €
19	Seleccionada	35	13.5	3.4	2.1	7	0	0	0	0	1	5	0%	0,00 €
20	Seleccionada	40	13.3	1.7	1.6	9	0	0	0	0	1	5	0%	0,00 €
21	Seleccionada	66	13	1.7	2.3	9	0	0	0	0	0	4	0%	0,00 €

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por Concelleiro responsable de Educación, Formación e Innovación Tecnolóxica, D. Juan Ignacio Borrego Vázquez. (JUAN IGNACIO BORREGO VAZQUEZ) a las 10:21 del día 08/05/2025 y por ACTIVIDAD CORPORATIVA, AYTO A CORUÑA a las 10:21 del día 08/05/2025. Mediante el código de verificación 6Q015A5A6E50485Y1D6O puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/Anotada en el Libro de Resoluciones por delegación de la JGL con el núm. COR/RES/8302/2025 el 08/05/2025



Concello da Coruña

Orde	Estado	ID	Total puntos	Puntos Inglés	Puntos ESO	Puntos renda	Puntos discapacidade	Puntos violencia xénero	Acollemento familiar	Puntos familia monoparental	Puntos familia numerosa	Unidade familiar	% Achega familia	Importe achega
22	Seleccionada	34	13	3.4	3.6	6	0	0	0	0	0	4	5%	1.081,21 €
23	Seleccionada	124	13	3.4	3.6	6	0	0	0	0	0	3	5%	1.081,21 €
24	Seleccionada	18	12.7	1.7	2	9	0	0	0	0	0	4	0%	0,00 €
25	Seleccionada	53	12.6	1.7	2.9	8	0	0	0	0	0	3	0%	0,00 €
26	Seleccionada	26	12.5	3.4	1.1	8	0	0	0	0	0	4	0%	0,00 €
27	Seleccionada	15	12.4	3.4	2	7	0	0	0	0	0	4	0%	0,00 €
28	Seleccionada	110	12.4	5	0.4	7	0	0	0	0	0	4	0%	0,00 €
29	Seleccionada	101	12.2	1.7	0.5	10	0	0	0	0	0	2	0%	0,00 €
30	Seleccionada	71	12.2	2.5	1.7	8	0	0	0	0	0	4	0%	0,00 €

No uso das atribucións que me están conferidas, por delegación da Xunta de Goberno, outorgada mediante o acordo adoptado na súa sesión do 4 de xullo de 2024 e publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 129, do 5 de xullo de 2024,

RESOLVO:

PRIMEIRO: Tomar coñecemento das aceptacións e renuncias presentadas durante o prazo previsto no apartado 13 das bases específicas aprobadas para a adxudicación das prazas do programa municipal de Bolsas Norteamérica no curso escolar 2025-2026 e substituír ás persoas adxudicatarias das prazas afectadas polas renuncias polas persoas incluídas na listaxe de espera publicada o 16/04/2025, logo de confirmar a súa aceptación expresa.

SEGUNDO: Aprobar a listaxe definitiva das persoas adxudicatarias das prazas do programa municipal de Bolsas Norteamérica no curso escolar 2025-2026, que se inclúe como ANEXO I neste documento.

TERCEIRO: Advertirlles ás persoas adxudicatarias de que, consonte o previsto no punto 12.3 das bases específicas, a firmeza da adxudicación das Bolsas Norteamérica 2025-



Concello da Coruña

2026 quedará en todo caso condicionada á aceptación do alumnado por parte do país de destino, en función das súas esixencias.

CUARTO: Comunicarlles aos servizos sociais municipais a listaxe definitiva de persoas seleccionadas que acadaron as puntuacións de 9 ou 10 puntos na "Situación económica da unidade familiar nuclear", para un posible estudo informativo das circunstancias de vulnerabilidade socioeconómica nas que poida atoparse o/a menor solicitante e poder optar aos 400 € de cartos de preparación da viaxe, segundo o disposto nos apartados 2.j) e 5.5 das bases da convocatoria.

A Coruña, na data da sinatura electrónica

O técnico responsable

A Xefa de Servizo de Educación

Conforme,
O Director de Educación



ANEXO I

BOLSAS NORTEAMÉRICA 2025-2026. LISTAXE DEFINITIVA DAS SOLICITUDES SELECCIONADAS

Orde	Estado	ID	Total puntos	Puntos Inglés	Puntos ESO	Puntos renda	Puntos discapacidade	Puntos violencia xénero	Acollemento familiar	Puntos familia monoparental	Puntos familia numerosa	Unidade familiar	% Achega familia	Importe achega
1	Seleccionada	125	18.52	5	3,2	10	0	0	0	0	0	3	0%	0,00 €
2	Seleccionada	12	18	5	5	8	0	0	0	0	0	4	0%	0,00 €
3	Seleccionada	13	17.6	3.4	4.2	10	0	0	0	0	0	4	0%	0,00 €
4	Seleccionada	81	17	3,4	3,6	9	0	0	0	0	1	5	0%	0,00 €
5	Seleccionada	69	16.8	3.4	3.4	10	0	0	0	0	0	3	0%	0,00 €
6	Seleccionada	44	16.6	5	1.6	10	0	0	0	0	0	4	0%	0,00 €
7	Seleccionada	111	16.2	5	4.2	6	0	0	0	1	0	3	5%	1.081,21 €
8	Seleccionada	122	16.1	3.4	2.7	10	0	0	0	0	0	4	0%	0,00 €
9	Seleccionada	129	15	3.4	0.6	10	1	0	0	0	0	2	0%	0,00 €
10	Seleccionada	60	14.8	5	2.8	6	1	0	0	0	0	3	5%	1.081,21 €
11	Seleccionada	68	14.8	5	1.8	6	0	0	0	1	1	4	5%	1.081,21 €
12	Seleccionada	59	14.4	1.7	2.7	10	0	0	0	0	0	3	0%	0,00 €
13	Seleccionada	73	14.2	3.4	2.8	8	0	0	0	0	0	4	0%	0,00 €
14	Seleccionada	37	14.2	5	3.2	6	0	0	0	0	0	3	5%	1.081,21 €
15	Seleccionada	74	14.1	3.4	1.7	9	0	0	0	0	0	2	0%	0,00 €
16	Seleccionada	41	13.9	1.7	3.2	8	0	0	0	0	1	5	0%	0,00 €



Concello da Coruña

Orde	Estado	ID	Total puntos	Puntos Inglés	Puntos ESO	Puntos renda	Puntos discapacidade	Puntos violencia xénero	Acollemento familiar	Puntos familia monoparental	Puntos familia numerosa	Unidade familiar	% Achega familia	Importe achega
17	Seleccionada	16	13.8	1.7	2.1	10	0	0	0	0	0	3	0%	0,00 €
18	Seleccionada	77	13.6	3.4	1.2	9	0	0	0	0	0	4	0%	0,00 €
19	Seleccionada	35	13.5	3.4	2.1	7	0	0	0	0	1	5	0%	0,00 €
20	Seleccionada	40	13.3	1.7	1.6	9	0	0	0	0	1	5	0%	0,00 €
21	Seleccionada	66	13	1.7	2.3	9	0	0	0	0	0	4	0%	0,00 €
22	Seleccionada	34	13	3.4	3.6	6	0	0	0	0	0	4	5%	1.081,21 €
23	Seleccionada	124	13	3.4	3.6	6	0	0	0	0	0	3	5%	1.081,21 €
24	Seleccionada	18	12.7	1.7	2	9	0	0	0	0	0	4	0%	0,00 €
25	Seleccionada	53	12.6	1.7	2.9	8	0	0	0	0	0	3	0%	0,00 €
26	Seleccionada	26	12.5	3.4	1.1	8	0	0	0	0	0	4	0%	0,00 €
27	Seleccionada	15	12.4	3.4	2	7	0	0	0	0	0	4	0%	0,00 €
28	Seleccionada	110	12.4	5	0.4	7	0	0	0	0	0	4	0%	0,00 €
29	Seleccionada	101	12.2	1.7	0.5	10	0	0	0	0	0	2	0%	0,00 €
30	Seleccionada	71	12.2	2.5	1.7	8	0	0	0	0	0	4	0%	0,00 €

A Coruña, na data da sinatura electrónica

Por delegación da XGL
(Acordo do 04/07/2024, publicado no BOP nº 129 do 05/07/2024)
O concelleiro de Educación, Formación e Innovación Tecnolóxica
Juan Ignacio Borrego Vázquez